



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL CELEBRADA O 29 DE DECEMBRO DE 2020**

En Laxe, sendo as 20:00 horas do día 29 de decembro de 2020, reúnense, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión extraordinaria, o Alcalde José Luis Pérez Añón presidindo o Pleno e os concelleiros:

Dna. Raquel Lema Allo (PP)  
Dna. Sandra Mouzo Pose (PP)  
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)  
Don Francisco Charlín Oróns (PP)  
Don Diego Soto Pereiro (PP)

Don José Manuel Mouzo Castiñeira (PSdeG PSOE)  
Dna. Consuelo Lemus Insua (PSdeG PSOE)  
Dna. Bárbara Varela Álvarez  
Don Fabián José Romar Lema (PSdeG PSOE)

Don Xosé Manuel Pose Lema (Representante do BNG e integrante do Grupo mixto)

Actúa como Secretaria deste Concello, Dona Begoña Carrasco García.

Seguidamente, procédese a, deliberar sobre a seguinte

#### **ORDE DO DÍA:**

#### **1.- CONVALIDACIÓN EXPEDIENTE 2020/T002/000019 RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 647/2020.**

Dase conta da proposta de Alcaldía,

*Expediente nº 2020/T002/000019*

---

*Visto que por resolución de Alcaldía nº 647/2020 de 24 de novembro, apróbase o expediente de modificación de créditos número 2020/T002/000019 na modalidade de suplemento de crédito, financiado con remanente de tesourería resultante da liquidación do exercicio 2019, para a financiación do gasto de asistencia social primaria, equipos e procesos da información, no contexto de medidas para a xestión da crise sanitaria tendentes a asegurar a axeitada prestación dos serzos sociais básicos.*

*Considerando o artigo 20.2 do Real Decreto lei 11/2020 de 31 de marzo polo que se adoptan medidas urxentes e complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, dase conta ao Pleno da Corporación da resolución citada aos efectos da súa convalidación, se procede.*



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Tras breves intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR: 11** [6 do PP(Don José Luis Pérez Añón, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose, Don Francisco Charlín Oróns, Don Eulogio Constantino Catiñeira e Don Diego Soto Pereiro ) 4 do PSdeG-PSOE (Don José Manuel Mouzo Castiñeira, Dna. Bárbara Varela Álvarez, Don Fabián José Romar Lema e Dna. Consuelo Lemus Insua) 1 do Grupo Mixto e representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema)].

**VOTOS EN CONTRA: 0**

**ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO**:

**Primero:** Convalidar a Resolución de Alcaldía de data 24 de novembro de 2020, número 647/2020.

### **2.- ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA A TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES COMPETENCIA DOS CONCELLOS DE GALICIA, EN RELACIÓN COS INCUMPRIMENTOS DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN APROBADAS PARA A LOITA CONTRA A COVID-19**

Sómetese á consideración do Pleno a seguinte proposta de Alcaldía:

*Expediente núm.: 2020/X998/000477*

*Propuesta Pleno*

*No contexto actual de crise sanitaria causada pola COVID-19 o papel das administracións públicas para vixiar, inspeccionar e controlar o cumprimento das medidas extraordinarias de restrición da mobilidade, do contacto social ou do exercicio de certas actividades, entre outras, é fundamental para a prevención e contención desta pandemia.*

*Considerando as dificultades e a carga de traballo que a tramitación das sancións polos incumprimentos das medidas de prevención aprobadas para a loita contra a COVID- 19 e no reforzamento da colaboración coas entidades locais, a Xunta de Galicia e a FEGAMP asinaron o pasado 27 de novembro convenio de colaboración a fin de axudar aos concellos na tramitación dos procedementos sancionadores relacionados coa COVID-19.*

*A través deste Convenio, persoal empregado público da Administración autonómica encargárase de levar a cabo as actuacións auxiliares e de colaboración material o que contribuirá a axilizar os procedementos e paliar a carga administrativa dos concellos que non teñan os medios idóneos e suficientes para facelo.*

*Polo exposto, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo: Solicitar a adhesión ao Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e FEGAMP para a tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID-19, e en consecuencia adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a*



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

*todas elas.*

*Laxe (documento asinado dixitalmente, na data sinalada ao marxe)*

*O alcalde, José Luis Pérez Añón*

Don José Manuel Mouzo Castiñeira voceiro do PSdeG PSOE, pregunta polo coste para o Concello. Resposta o sr. Alcalde que aínda non se sabe.

Non habendo mais intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR: 11** [6 do PP(Don José Luis Pérez Añón, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose, Don Francisco Charlín Oróns, Don Eulogio Constantino Catiñeira e Don Diego Soto Pereiro ) 4 do PSdeG-PSOE (Don José Manuel Mouzo Castiñeira, Dna. Bárbara Varela Álvarez, Don Fabián José Romar Lema e Dna. Consuelo Lemus Insua) 1 do Grupo Míxto e representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema)].

**VOTOS EN CONTRA: 0**

**ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Solicitar a adhesión ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para a tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID-19, e en consecuencia adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos dereivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.

### **3.- APROBACIÓN AMPLIACIÓN PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DAS SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS 2020.**

Dase conta da proposta de Alcaldía,

*Expediente nº 2020/A007/000003*

*Considerando que a situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 ocasionou un retraso importante na tramitación dos expedientes administrativos así como a paralización total doutros tales como a tramitación dos expedientes de concesión de subvencións previstas no orzamento,*

*Visto que nas bases de execución do orzamento de 2020, con ocasion da regulación das subvencións nominativas dispónse que a documentación xustificativa deberá presentarse antes do 30 de novembro.*

*Considerando a imposibilidade material de cumprimento do disposto na base 41 polo que atinxe o prazo de xustificación por parte dos beneficiarios das subvencións posto que nesa data aínda estaban sin conceder as cantidades concretas para as actividades subvencionables,*



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

*Esta Alcaldía, atendendo a unha situación excepcional e extraordinaria, propón ao Pleno da Corporación a modificación puntual do prazo máximo para presentar a documentación xustificativa das subvencións nominativas, propoñendo a ampliación ata o día 15 de marzo de 2021.*

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Non habendo mais intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR: 11** [6 do PP(Don José Luis Pérez Añón, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose, Don Francisco Charlín Oróns, Don Eulogio Constantino Catiñeira e Don Diego Soto Pereiro ) 4 do PSdeG-PSOE (Don José Manuel Mouzo Castiñeira, Dna. Bárbara Varela Álvarez, Don Fabián José Romar Lema e Dna. Consuelo Lemus Insua) 1 do Grupo Míxto e representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema)].

**VOTOS EN CONTRA: 0**

**ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO:**

**Primeiro.-** Modificar puntualmente o prazo máximo para presentar a documentación xustificativa das subvencións nominativas, ampliando ata o día 15 de marzo de 2021.

Rematado o obxecto da presente sesión, o sr. alcalde da por finalizada, sendo ás 20.05 horas do día da data e no lugar ao principio indicados, extendéndose por min secretaria, a presente acta asinando a continuación e neste momento e conmigo o lltmo. Sr. Alcalde-presidente para que, unha vez aprobada a Acta polo Pleno do Concello de Laxe, se proceda a súa transcripción ao libro correspondente.